



PLAN DIXITAL

[CEIP Plurilingüe Graxal]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

NOME DO CENTRO: CEIP Plurilingüe Graxal

DIRECCIÓN: R/ Francisco Rodríguez, 6, 15679, O Temple- Cambre (A Coruña)

CORREO: ceip.graxal@edu.xunta.gal

PÁXINA WEB: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgraxal/>

ETAPAS EDUCATIVAS: Educación Infantil e Primaria.

N.º de ALUMNADO: 442

N.º de PROFESORADO: 33

OUTRAS CUESTIÓNS DE INTERESE : Centro Plurilingüe dende o ano 2015-2016, está inmerso dende fai anos no proxecto PLAMBE das Bibliotecas dende o que tamén se potenciou a radio Escolar e a inmersión no programa Bibliotecas Creativas. Dende o ano 2021-2022 formamos parte da Rede DixitalGal.

Tamén dispón de comedor, programa 'Mañanceiros' e actividades extraescolares polas tardes a cargo do ANPA Mencer.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Entorno e características socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O C.E.I.P. Plurilingüe Graxal está situado no Temple, a única parroquia costeira do municipio de Cambre, fronte a ría do Burgo, onde desemboca o río Mero. Está a 8km de A Coruña e ten unhas vías de comunicación moi boas.

A poboación actual do concello é de algo máis de 24.500 habitantes agrupados en 12 parroquias que se distribúen en 126 núcleos de poboación.

A pirámide de poboación relativamente nova, se temos en conta a tendencia cara ó envellecemento que posúen a maioría dos concellos galegos. Amosa un ancheamento nos intervalos entre 25 e 45 anos. O perfil corresponde a familias novas con fillos, procedentes na súa maioría doutros concellos da provincia que fixan a súa residencia en Cambre pola proximidade ao núcleo urbano principal e o fácil acceso ao mesmo.

A situación económica dos habitantes que viven na zona é de nivel medio, profesionais liberais e autónomos na maioría.

No aspecto lingüístico hai que diferenciar tres tipos de familias: un 70% considera a lingua castelá como o idioma habitual, un 20% usan sempre a lingua galega e un 10% usan indistintamente ambas linguas.

A menos dun quilómetro encóntrase tamén un centro educativo chamado CEIP Portofaro, a dous quilómetros e medio está o IES Alfonso X o Sabio (A Barcala) ó que estamos adscritos e existen tres garderías ou escolas infantís, así como unha biblioteca municipal e un local sociocultural que é o que centra a oferta cultural do concello no barrio.

A parroquia conta con outros servizos: oficina de correos, Garda Civil, Casa das Palmeiras, varios parques infantil, un centro de saúde e un centro da terceira idade.

Incardinación e contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo, Programación Xeral Anual e outros Planes e proxectos do centro:

O noso centro participa en programas diversos: PLAMBE, Bibliotecas Creativas, Voz Natura, Prensa na escola, Rede DixitalGal, OAOA, Patios dinámicos... Polo tanto, tal e como deixamos constancia no día a día e coma sempre se reflectiu no noso Proxecto Educativo en xeral, o profesorado deste centro está aberto ás innovacións no ámbito pedagóxico e a incorporación de novos recursos no proceso de ensino-aprendizaxe.

O Plan Dixital aportará a estes programas educativos un soporte máis, un apoio tecnolóxico para seguir potenciando a innovación no noso centro no seu obxectivo fundamental reflectido no punto 3.1 do noso Proxecto TIC: *“integrar o uso das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) nas tarefas que se levan a cabo no centro, de xeito que o profesorado e o alumnado as utilicen como unha ferramenta máis nos procesos de ensino-aprendizaxe e sirvan como vehículo de comunicación e acceso á información de todos os cidadáns en igualdade de condicións”*.

É dicir, pretendemos integrar as TIC no centro como un instrumento educativo máis que nos permita adecuarnos á realidade científico-técnica da nosa sociedade; utilizándoas como un dos eixos fundamentais da aprendizaxe escolar, integrándoas progresivamente na práctica usual da aula, potenciando as posibilidades de acceso á información de tódolos membros da comunidade educativa e contribuíndo á igualdade social ao propoñer o uso xeneralizado das mesmas.

Garantindo unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas. Aumentar de forma significativa e progresiva o acceso á tecnoloxía da información e das comunicacións e esforzarse en proporcionar acceso universal mediante a continuación no reparto dos 'Kits dixitais' para xente que non ten dispositivos na súa casa para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe en caso de necesitalo, intentando así resolver a fenda dixital aínda existente.

Se traballará para formar ao alumnado nos riscos vinculados ás novas tecnoloxías, mediante protocolos de actuación de modelos de boas prácticas, para previr a violencia dixital entre a poboación moza e adolescente.

Tamén o noso Plan Dixital contribúe ao noso proxecto de Biblioteca Creativa. Gustaríanos dar un paso máis na cultura 'Maker' ca solicitude na inmersión no programa 'Polos Creativos' baseado nas ensinanzas STEM onde o alumnado traballará de forma interdisciplinar contidos do currículo a través das novas tecnoloxías, entre eles a robótica. Esta e outras medidas de acción positiva son actuacións concretas dende a idade escolar para adquirir coñecementos e competencias co fin de corrixir a fenda dixital en xeral e tamén de xénero en particular e favorecer a incorporación do alumnado e especial das mulleres ao eido da educación dixital, para que no futuro as mulleres teñan igualdade de oportunidades reais e poidan ocupar postos de traballo relacionados coas TIC no mercado laboral.

O noso Plan Dixital tamén quere contribuír a mellorar a propia formación do profesorado. Solicitando cursos específicos que traballen a competencia dixital, compartindo experiencias, coñecemento, ideas, información, etc. con outros profesores a través da Aula Virtual, do correo electrónico, plataformas tipo Webex, grupos de noticias, páxinas Web, blogs, chats, etc...

Seguir mellorando a comunicación entre o profesorado, alumnado e familias, mediante a posta a disposición de servizos que permitan e faciliten a conciliación da vida persoal e familiar. Aproveitando as ferramentas e as posibilidades que as novas tecnoloxías nos ofrece a Consellería (páxina web do centro, AbalarMóbil, Webex...). Pouco a pouco seguir modernizando e axilizando as xestións do centro e facilitando o acceso ás TIC á comunidade educativa: ANPA, asociacións, etc.

Polo tanto, existe unha relación directa entre o noso Plan Dixital e os outros documentos de centro, e ademais aportará á Programación Xeral Anual do curso 22/23 unhas liñas e obxectivos a seguir que continúen este proceso de transformación do noso centro en unha organización dixitalmente competente.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A contextualización normativa na que se enmarca o documento do Plan Dixital do noso centro é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da **LO 2/2006, de 3 de maio**, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da **Resolución do 17 de xuño de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- ***Resolución do 3 de setembro de 2021**, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*
- ***Resolución do 7 de setembro de 2021**, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

A raíz da *resolución do 3 de Setembro de 2021 pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, o noso centro formou un equipo de dinamización de 4 persoas para a realización conxunta do Plan Dixital.

O noso centro tamén forma parte, a súa vez, da Rede de centros DixitalGal na que un dos membros do noso claustro realiza a función de mentor ADIX á outros centros da zona na creación dos seus Plans Dixitais.

Como punto de partida para a elaboración do noso Plan Dixital, fixemos unha reunión para ver as liñas de acción en cada unha das etapas establecidas no Plan Dixital: SELFIE, TEST CDD, DAFO...

Á hora de realizar o SELFIE realizamos unha reunión conxunta co claustro para informalos sobre o proceso, creamos un curso na Aula Virtual cos links de acceso á plataforma SELFIE para alumnado e profesorado correspondente.

Como segundo paso na análise do noso centro, informamos ao claustro tamén para a realización voluntaria do test CDD. Non conseguimos unha participación moi alta (foi nun momento do curso no que o profesorado estaba cargado de moita burocracia) pero serviunos para ter un punto de vista, unha información orientada na formación e preparación do profesorado do noso claustro con respecto á competencia dixital.

Unha vez recopilada a información de ambos test e tamén aos comentarios e perspectivas aportados por algúns membros do Claustro realizamos unha sesión conxunta do equipo de dinamización para a elaboración do DAFO. Nela centrámonos tanto nunha análise cuantitativa cos aspectos reflectidos no SELFIE e no TEST CDD coma unha cualitativa cas opinións propias sobre o centro, o seu funcionamento, a contorna que inflúe no mesmo, etc.

Tras este primeiro análise, e tras enviar o DAFO por e-mail a todo o claustro, comentamos nunha xuntanza xeral todos os aspectos para posibles revisións e achegas por parte da totalidade dos membros.

Unha vez comentados e repasados os aspectos reflectidos no DAFO, realizouse unha reunión conxunta na que establecemos as nosas prioridades de mellora para o curso 2022-2023, comentando os aspectos nos que nos gustaría incidir nos próximos cursos e que puidesen reflectir unha mellora na organización e nos nosos procesos de e/a con respecto ao ensino dixital.

Tras una primeira aproximación dos puntos a tocar, o equipo de dinamización reuniuse para establecer os obxectivos SMART e as accións que poderían levarse a cabo para acadalos. Estes obxectivos enviáronse á totalidade do claustro e tras a súa aprobación se incluíron neste documento.

Finalmente, tras a elaboración total do documento, presentouse e aprobouse en Claustro e Consello Escolar do día:

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O centro conta con infraestrutura de voz e datos, con conectividade en case todas as súas instalacións gracias as conexións cableadas das diferentes aulas e espazos máis a recente instalación da rede WIFI edu.xunta.es.

Para o profesorado hai 2 ordenadores con SO Windows na sala de mestres e se usan continuamente para elaborar material e imprimir. Están xeralmente ocupados sempre dificultando os tempos de uso.

As aulas das diferentes titorías están equipadas con equipo de sobremesa ou portátil, cunha pantalla táctil interactiva e con altosfalantes. As aulas de 5º e 6º gracias ao programa Abalar de 2015 na que foron instaladas unhas pizarras dixitais cuns proxector EPSON de curto alcance. Nas demais aulas temos pizarras interactivas instaladas con material adquirido polo propio centro educativo ao longo destes anos. Algunhas dan erros ou non funcionan correctamente, servindo moitas veces só como proxector en lugar de realizar funcións interactivas.

Na aula de informática hai 14 equipos de sobremesa con SO Windows que precisarían unha actualización.

A nosa biblioteca está equipada cun proxector e un portátil con SO Windows que non funciona correctamente e precisarían ser cambiados ou actualizados. Tamén un ordenador de sobremesa con SO Windows que funciona correctamente para a xestión dos libros co programa KOHA para busca, catalogación e préstamo de libros. Tamén se utiliza para a xestión da impresora 3D e outras actividades relacionadas ca biblioteca creativa.

Gracias a inmersión do centro en proxectos educativos de innovación tamén dispoñemos de outros equipos correspondentes á biblioteca creativa:

- 6 Chrome-books para buscas en internet do alumnado e realización de algún documento.
- 4 I pads para buscas en internet, gravación de vídeo e son, montaxe audiovisual e apps relacionadas ca biblioteca creativa.

A xestión do mantemento do equipamento do centro ven a cargo dunha empresa externa contratada: Galitelco.

As pequenas incidencias do día a día cos equipos ou problemas de software e configuración resólvense ca intervención dos membros do equipo TIC na medida do posible.

Dispoñemos tamén dos seguintes servizos corporativos que facilitan a xestión docente:

- Páxina web do centro
- Aula Virtual
- Agüeiro
- AbalarMóbil e AbalarPro

(O material relacionado con este epígrafe, o seu estado, tipoloxía e características está detallado no Anexo I ao remate deste documento.)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración do noso análise DAFO tivemos en conta tanto aspectos cuantitativos coma cualitativos extraídos das seguintes fontes.

Autoavaliación SELFIE: Incluímos a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE acadados polo noso centro.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2.4				
	Profesorado	2.3				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.1				
	Alumnado	3.4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.8				
	Alumnado	4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2.9				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	-				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.7				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	3.6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.3				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.6				
	Profesorado	2.7				
	Alumnado	3.8				

Test CDD: Tamén utilizamos a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal do TestCDD de centro e na táboa 1.3. en relación co perfil do profesorado participante no test.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>13</u>	<u>28</u>	<u>46,4%</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>3</u>	<u>0%</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO	<u>3</u>	<u>5</u>	<u>60%</u>
DESPLAZADO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>70,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	<u>70,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>68,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
PRI	<u>68,6</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0%</u>
A2	<u>10</u>	<u>62,5%</u>
B1	<u>2</u>	<u>12,5%</u>
B2	<u>4</u>	<u>25%</u>
C1	<u>0</u>	<u>0%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>16</u>	<u>100,00%</u>

Outras fontes: O análise cualitativo realizouse cas opinións do equipo directivo e outro persoal docente que leva máis anos no centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
----------	------------	-------------

CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1: Equipamento actualizado e rede WIFI (edu.xunta.es) recentemente instalada. C2: Existe suficiente equipamento dixital para o ensino adquirido polo centro nestes últimos anos. C5: O centro dispón de asistencia técnica. C16: Repositorio on-line da biblioteca (KOHA, Blog Librolandia...) Existe material informático adquirido polo propio centro para proxectos de innovación.	C8: Non existen dispositivos abondo para que o alumnado traballe a nivel individual cando o precise. C14. Espazos físicos limitados debido a desdobres, covid... C15: Non existen dispositivos ou tecnoloxías asistenciais adaptadas para o alumnado con necesidades educativas.
	PERSONAL DOCENTE	Xente formada en novas tecnoloxías entre o persoal docente (test CDD) D2: Profesorado que soe ter boa participación en actividades de formación dentro e fóra do centro. E1/E5: O profesorado busca e utiliza moitos recursos na rede para as súas sesións. E2: Hai profesorado entre o claustro con coñecemento en creación de materiais e recursos TIC. E4: Utilízanse con éxito servizos corporativos para comunicacións cas familias (AbalarMóbil, web). F1: Utilízanse dispositivos dixitais para adaptar o método de ensino as necesidades do alumnado. F3: Os recursos dixitais utilízanse para axudar potenciar a creatividade do alumnado. F4: Realízanse actividades TIC que implican e integran ao alumnado.	D3: Poucos intercambios de experiencias/coñecementos entre o profesorado. A4: O profesorado non dispón de tempo para explorar a ensinanza dixital. B3: Falta de colaboración con outros centros ou asociacións do entorno. E3: A Aula Virtual utilízase só nuns cursos determinados non tendo un criterio unificado. F6: Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando as TIC. G: En xeral non se aposta por prácticas de avaliación dixital para avaliar as competencias do alumnado e o proceso de E/A.
	PERSONAL NON DOCENTE	Persoal non docente participativo dentro da comunidade.	
	ALUMNADO	H1: O alumnado participa en iniciativas que melloran o comportamento responsable na rede. H7: O alumnado aprende coñecementos en relación á creación de contidos dixitais. H8: O alumnado aprende a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais (blogs, radio escolar...) H10: O alumnado utiliza a tecnoloxía para actividades en diferentes áreas.	H11: O alumnado no ten coñecementos en codificación/programación.
	FAMILIAS	As familias son colaboradoras cas actividades e iniciativas propostas polo centro. En xeral, as familias dispoñen en casa de aparellos dixitais e conexión a internet. As familias consultan a web do centro para informarse de novas do centro e usan o AbalarMóbil.	
	OFERTA	Centro plurilingüe. Biblioteca creativa e pioneira en novos proxectos.: KOHA, Radio escolar, 3D... C16. Repositorio de recursos e actividades on-line (espazo da Biblioteca) Comedor.	
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A3: O Equipo directivo respalda ao profesorado no uso de novas modalidades de ensinanza. C11 e C12: Organización para tentar solucionar a fenda dixital entre o alumnado necesitado. O Equipo Directivo facilita a participación do profesorado en actividades formativas TIC.	A1: Non existe unha estratexia dixital concreta. A2: De ter estratexia dixital levaríase a cabo tendo en conta ao profesorado. A5: Existe certo descoñecemento en canto aos dereitos de autor e licenzas de uso. B4: Non existe sinerxía con outras organizacións ou entidades do entorno. Descoñecemento da normativa con respecto á adquisición de equipamento informático para centros.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Proxectos de mellora da infraestrutura dixital: E-Dixgal. Posible oferta de formación específica nas tic adaptadas ao nivel do profesorado.	Non mandan equipamento tecnolóxico necesario. Burocracia excesiva. Organización dos horarios non teñen en conta dinamizacións nin participación en proxectos de calidade educativa. Atraso na solucións cando hai problemas cas infraestruturas e conexión de internet.
	LEXISLACIÓN	A nova lexislación aposta un pouco máis polas novas tecnoloxías.	Pouca estabilidade nos cambios lexislativos.
	CONTORNA	Poboación nova e familiarizada co ámbito dixital.	Matrícula elevada.
	ANPA	Apoia-se no centro educativo á hora de transmitir e colgar información na web.	Pouca participación nas familias na organización. (mostra pouca representativa).

OUTRAS ENTIDADES	Iniciativas promovidas pola Administración en colaboración con outras entidades. (Plan Director)	
-------------------------	--	--

3. Plan de Acción

O Plan de Acción tivo en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do propio documento. Consideramos que a consecución dos obxectivos e accións formulados a continuación, suporán unha mellora na organización e no uso que facemos dos nosos propios recursos, con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar.

Sabemos, ademais, que o catálogo de recursos está en constante evolución polo que se ten en conta o carácter flexible de este documento e a posibilidade de reformular cambios adaptados ao novo material do que se dispoña en cada momento.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tras o análise DAFO establecemos unhas áreas de mellora en relación coas do marco Dig CompOrg, nas que incidir no próximo curso.

"Área/s de mellora": A- LIDERADO						
OBXECTIVO 1:	Elaborar unha estratexia conxunta no centro co fin de atender mellor á competencia dixital da organización.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de reunións adicadas para impulsar o plan dixital no centro. Tempo para explorar e mellorar a competencia dixital do profesorado.					
Valor de partida	0 reunións conxuntas establecidas para impulsar/realizar un seguimento do plan dixital de centro. O profesorado non dispón de horario para explorar a ensinanza dixital e mellorar a súa competencia dixital.					
Valor previsto e data	1 reunión conxuntas establecidas trimestral para impulsar/realizar un seguimento do plan dixital de centro. Asignar 1 hora ao profesorado para explorar o ensino dixital e mellorar a sua C.D.			20 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Asignación dunha hora no horario lectivo do profesorado para explorar a ensinanza dixital e mellorar a súa competencia dixital. (Preparación de actividades TIC, AV, subida de noticias á web, AbalarPro, etc.)	Equipo directivo.	15 Setembro 2022	Organización dos horarios. Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

AO1.2: Establecer unha reunión trimestral na xornada de tarde para impulsar/realizar un seguimento do Plan Dixital de centro.	Equipo directivo	15 Setembro 2022	Organización de horarios semanal.			Aprazada
						Pendente

"Área/s de mellora": A- Liderato e H- Competencias dixitais do alumnado.

OBXECTIVO 2 :	Elaborar un documento que reflicte obxectivos dixitais e actividades para o alumnado secuenciados por nivel/ciclo.	Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia dun documento que reflicte obxectivos dixitais secuenciados por nivel/ciclo.		
Valor de partida	Non existe un documento que reflicte uns obxectivos dixitais concretos secuenciados por nivel/ciclo.		
Valor previsto e data	Elaborar 1 documento que recolla obxectivos dixitais secuenciados por nivel/ciclo.	20 Xuño 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Adscrición do profesorado no EQUIPO TIC para a elaboración dun documento que secuencie uns obxectivos e unhas actividades, relacionados ca competencia dixital do alumnado secuenciados por nivel/ciclo.	Equipo directivo.	15 Setembro 2022	Espazo de reunión.		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2: Reunión por ciclo para establecer uns obxectivos mínimos e necesidades a acadar con respecto a	Equipos de ciclo.	30 Setembro 2022?	Espazo de reunión. Currículo LOMLOE.		Realizada
					Aprazada

competencia dixital do alumnado de cada ciclo/nivel.					Pendente	
A02.3: Realizar nunha reunión conxunta (ou nun punto da CCP) cas achegas dos diferentes ciclos sobre as necesidades e obxectivos de cada ciclo/nivel.	Equipo directivo	15 Outubro 2022	Espazo de reunión. Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Reunión mensual do equipo TIC adicada á elaboración do documento e posta en común de actividades/suxestións para o mesmo.	Equipo TIC	Final de cada mes.	Equipamento informático. Espazo de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.5: Presentación do documento a Claustro e Consello Escolar e atender a posibles revisións.	Equipo de traballo	28 Xuño 2023	Espazo de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.6: Difundir o documento a través da páxina web do centro.	Equipo TIC	28 Xuño 2023	Equipamento informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": B- Colaboración e redes, E- Pedagogía: Apoio e recursos.						
OBXECTIVO 3 :	Crear un repositorio na AV con actividades, apps e ideas para traballar a competencia dixital dende as titorías. *Favorecer o intercambio de experiencias entre o profesorado (D3) *Colaboración e redes (*B2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Repositorio creado e nº de actividades compartidas polo profesorado.					
Valor de partida	Non existe un repositorio con actividades.					
Valor previsto e data	Crear 1 repositorio por ciclo con polo menos 3 actividades por área/nivel do currículo.			20 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Creación dun espazo na AV do centro (ou nunha alternativa: Agueiro, Padlet...) para utilizar como repositorio de links, apps e actividades.	Equipo TIC.	30 setembro 2022	Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Presentación do espazo á totalidade do Claustro, a súa distribución e a maneira de subir o contido. (titorial en pdf)	Equipo TIC.	15 Outubro 2022	Material informático. Material imprimible.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Busca, selección e creación de actividades, aplicacións, prácticas e	Profesorado dos distintos niveis/ciclos.	20 Xuño 2022	Claustro. Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

ideas para subir ao espazo.											
A03.4: Revisión do espazo e axuda á organización do repositorio por parte do equipo TIC. (categorías, niveis, áreas...). E feedback do profesorado nas sesións de control trimestrais relativas ao Plan Dixital.	Equipo TIC	Fin de cada trimestre.	Espazo de reunión.		<table border="1"> <tr> <td data-bbox="1933 400 2119 432">Realizada</td> <td data-bbox="2119 400 2161 432"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="1933 432 2119 488">Aprazada</td> <td data-bbox="2119 432 2161 488"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="1933 488 2119 786">Pendente</td> <td data-bbox="2119 488 2161 786"></td> </tr> </table>	Realizada		Aprazada		Pendente	
Realizada											
Aprazada											
Pendente											
A03.5: Reunión conxunta final para avaliación do repositorio, considerar problemas, ideas de mellora, etc.	Equipo TIC	28 Xuño 2022	Espazo de reunión. Claustro.		<table border="1"> <tr> <td data-bbox="1933 786 2119 842">Realizada</td> <td data-bbox="2119 786 2161 842"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="1933 842 2119 898">Aprazada</td> <td data-bbox="2119 842 2161 898"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="1933 898 2119 978">Pendente</td> <td data-bbox="2119 898 2161 978"></td> </tr> </table>	Realizada		Aprazada		Pendente	
Realizada											
Aprazada											
Pendente											

"Área/s de mellora": D- Desenvolvemento profesional continuo						
OBXECTIVO 4 :	Formar ao profesorado en diferentes ámbitos relacionados ca súa competencia dixital.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador do PFPP.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de profesorado que asiste a PFPP de robótica Nº de profesorado que asiste ou sesións de formacións entre iguais relativas ao ámbito dixital.					
Valor de partida	Non existe.					
Valor previsto e data	50% de profesorado que asiste a PFPP de robótica. 75% do profesorado asiste a cursos/sesións de formacións entre iguais.			20 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Solicitar un grupo de traballo dentro da liña 1 do PFPP para abarcar formación en robótica para EI, EP.	Coordinador PFPP	15 Outubro 2022	Convocatoria Asesor CFR Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Solicitar unha charlas/sesións dentro do PFPP nas que se traten os temas sobre: privacidade, políticas de protección de datos e licenzas de uso de contidos e recursos.	Coordinador PFPP	15 Outubro 2022	Convocatoria. Asesor CFR		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Establecer unhas datas para realizar	Equipo directivo	Finais de cada mes.	Material informático. Organización dos horarios.		Realizada	

formación entre iguais sobre temas nas que parte do claustro ten coñecementos: edición de vídeo, uso de algunha app determinada...					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Realizar talleres/formación entre iguais.	Persoal voluntario entre o claustro.	Unha mensual.	Espazo de formación. Material diverso dependendo da formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": H – Competencias dixitais do alumnado.						
OBXECTIVO 5:	Iniciar ao alumnado en experiencias de robótica, pensamento computacional e programación/codificación.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador PFPP (Robótica)				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de experiencias do alumnado relacionadas con robótica... Actividades de aula relacionadas ca programación/codificación.					
Valor de partida	0					
Valor previsto e data	1 mensual. 3 Actividades ao trimestre relacionadas con programación/codificación.			20 Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Solicitar un grupo de traballo dentro da liña 1 do PFPP para abarcar formación en robótica para EI, EP.	Coordinador PFPP	15 Outubro 2022	Convocatoria Asesor CFR Material informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Inscribirse en plans e proxectos relacionados para conseguir formación e financiamento.	Equipo directivo	30 Outubro 2022	Convocatoria "Polos Creativos" Digicraft, etc. Material informático. Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.3: Solicitar/Adquirir material relacionado ca temática: robots, aplicacións, tablets, xogos...	Equipo directivo	30 Setembro 2022	Material informático. Asesor Abalar.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A05.4: Establecer un horario para uso do material nas aulas e posibles desdobres para realizar as actividades cunha rateo adecuada que mellore as experiencias.	Equipo directivo	30 Setembro 2022	Organización dos horarios. Organización dos espazos/material dispoñibles. Aprobación por Inspección educativa.		Aprazada	
					Pendente	
A05.5: Avaliación trimestral/final co propósito de corrixir, reorientar, mellorar o proxecto.	Equipo directivo	Final de cada trimestre 20 Xuño 2023	Espazo de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C- Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 6 :	Acadar unha infraestrutura e equipamento de calidade para desenvolver o proceso de e/a diario de maneira eficiente.				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Actualización do inventario. Estado do equipamento dispoñible. Necesidades de equipamento.					
Valor de partida	Existencia dun inventario. Non todos os equipos están actualizados. Non todos os equipos obsoletos ou inservibles están retirados. Equipamento novo necesario non solicitado.					
Valor previsto e data	Inventario actualizado. Equipamento dispoñible actualizado. Equipamento obsoleto ou inservible retirado. Equipamento necesario e novo solicitado.			22 Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Inventariar e avaliar o equipamento dixital dispoñible no centro.	Equipo TIC	30 Setembro 2022	Material informático. Técnico informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Determinar as necesidades de actualización de cada equipo.	Equipo TIC	30 Setembro 2022	Profesorado implicado. Asesor/Técnico informático.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A06.3: Solicitar e instalar SSD, RAM ou o que necesiten os equipos que non funcionen correctamente e poidan servir.	Equipo directivo	15 Outubro 2022	Asesoramento da UAC Asesor Abalar Asesor/Técnico informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Solicitar a retirada do equipamento obsoleto ou inservible.	Equipo directivo	15 Outubro 2022	Solicitud a UAC.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Determinar e solicitar as necesidades de novo material co catálogo AMTEGA dispoñible.	Equipo directivo	15 Outubro 2022	Asesoramento da UAC Asesor Abalar Asesor/Técnico informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A01.6: Mercar o equipamento necesario para os proxectos de centro cas partidas aportadas polos mesmos: robótica, PLAMBE, Radio escolar...	Equipo directivo. Coordinadores dos proxectos.	22 Decembro 2022	AMTEGA Asesor Abalar Asesor/Técnico informático. Financiamento.		Aprazada	
					Pendente	
A01.7: Distribución do equipamento polas aulas dependendo das necesidades e dispoñibilidade.	Equipo TIC	22 Decembro 2022	Espazos de distribución Profesorado implicado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E- Pedagogía: Implementación na aula.						
OBXECTIVO 7 :	Solicitar proxecto de innovación 'Polos creativos'				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Grupo de dinamización e proxecto.					
Valor de partida	Non hai formado grupo de dinamización nin proxecto presentado.					
Valor previsto e data	Existe un grupo de dinamización formado e un proxecto para levar a cabo aprobado polo Claustro e Consello Escolar.			30 Setembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A07.1: Reunión xeral do profesorado no que se informa sobre o proxecto 'Polos creativos'	ADIX Rede DixitalGal	2 Setembro 2022	Colaboración do claustro Espazo de reunión. Convocatoria 'Polos Creativos'		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.2: Adscripción do profesorado ao grupo de dinamización dos 'Polos creativos'	Equipo directivo.	2 Setembro 2022	Colaboración do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A07.3: Elaboración do proxecto 'Polos creativos'.	Equipo de dinamización dos Polos creativos.	15 Setembro 2022	Material informático. Material funxible. Colaboración do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A07.4: Presentación ao Claustro e aprobación do proxecto en Consello Escolar.	Equipo de dinamización dos Polos creativos.	30 Setembro 2022	Material informático. Material imprimible.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Tras analizar as nosas necesidades e a raíz do estado actual do noso inventario precisamos de certo material para continuar a nosa labor de docencia dunha maneira axeitada e eficiente.

Debido ao aumento de matrícula e o cambio de liña 2 a liña 3 en algún dos niveis, estamos faltos de espazos e de material para o alumnado. Gustaríanos dispoñer da posibilidade de realizar actividades por nivel con material tecnolóxico adecuado. A **inclusión de dúas aulas móbiles (unha por planta do edificio) con ultraportátiles e carros de carga correspondente** facilitarían ademais a xestión dun aula de informática obsoleta e a utilización da mesma, cuns arranxos para outras actividades de carácter máis manipulativo coma a inmersión nos Polos creativos. **É fundamental que o número de portátiles de cada unha das aulas móbiles dispoñan de 26 ordenadores mínimo** posto que temos aulas nas que o alumnado chega a estas cifras.

Vemos tamén a necesidade de ter máis equipos na sala de mestres. Temos dous sobremesas soamente por falta de espazo para máis e en moitos momentos están ocupados. Un deles non funciona correctamente, é lento e non axuda á demanda actual do profesorado en canto a tempos de carga de aplicacións, funcionamento, etc. **Gustaríanos dispor na sala de mestres de 2 equipos sobremesas e 3 portátiles actuais que funcionen correctamente** para que o profesorado poida utilizar para a elaboración de material didáctico, corrección de tarefas, que poidan montar un vídeo ou executar aplicacións de forma fluída.

No departamento de Orientación **vemos a necesidade de dispoñer**, ademais dos sobremesas de aula dos que xa dispoñemos actualmente, **de 4 tabletas para traballar co alumnado con necesidades e de reforzo**. Moitas das sesións danse fóra de aula específica e isto facilitaría os procesos de ensinanza/aprendizaxe con este tipo de alumnado.

Tras a revisión do noso inventario **precisaríamos de 3 paneis interactivos para substituír polas pizarras interactivas que non funcionan correctamente**.

Tamén **precisariamos de material relacionado ca robótica** xa que o ano que ven iniciaremos o noso camiño neste mundo, tras a recente publicación da nova lexislación que ás nosas etapas abrangue. Iniciaremos a formación do profesorado en esta temática e precisaremos de robots suficientes e outro material manipulativo relacionado ca materia adaptado ás diferentes etapas para o traballo co alumnado.

Como servizos educativos, **gustaríanos dispor da rede ABALAR activa para o noso centro**. O alumnado se tivera os dispositivos adecuados debería de conectarse automaticamente cos portátiles ca maqueta ABALAR existente pero non dispoñemos de esa opción ao non estar metidos en outros proxectos que supoñen a automática activación deste servizo.

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, será o seguinte:

- Realizaremos unha **avaliación procesual** trimestralmente. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións que se realizaron en este trimestre. Aínda que estas iranse cubrindo a medida que se vaian realizando, na avaliación trimestral farase unha recompilación das mesmas, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- Realizaremos tamén unha **avaliación final** ao remate do curso académico 2022-2023. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora para o curso seguinte.

4.2. Propostas de mellora

As propostas de mellora recollidas nas sesións trimestrais e na sesión final (ao remate do curso académico 2022/2023) ditarán as posibles modificacións que o Plan Dixital precise no futuro, tanto no seu Plan de Acción coma no documento en xeral.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital será colgado no apartado de 'Documentación' na páxina web do centro xunto con outros documentos importantes da organización para que a comunidade educativa poida consultalo en calquera momento.